

	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
	MEMORIA 2022-2023	Página 1 de 7

IES SANTA IRENE (VIGO)
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS
MEMORIA 2022-2023

		DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
		MEMORIA 2022-2023	Páxina 2 de 7

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

MEMORIA 2022-2023

MATERIAS	<p>2ª LINGUA ESTRANXEIRA (E.S.O.)</p> <p>2ª LINGUA ESTRANXEIRA (BACHARELATO)</p>
CURSOS E GRUPOS	<p>ESO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1º A, 1º B, 1º C - 2º A (1), 2º A (2) 2º B (1), 2º B (2), 2º C - 3º AB, 3º C - 4º ABC, 4º ABC <p>BACHARELATO:</p> <p>2º SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA I:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1º BACH AE <p>2º SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA II:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 2º BACH ACDE
PROFESORADO	<p>Ana María Lourido Novas</p> <p>Sara Fernández Macías (Xefa de dpto.)</p>

	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
	MEMORIA 2022-2023	Páxina 3 de 7

I. INTRODUCCIÓN

No curso académico 2022/2023 impartiuse Francés como segunda lingua estranxeira na E.S.O. e no Bacharelato.

1º e 2º de ESO: Francés segunda lingua estranxeira, materia común, excepto para alumnos e alumnas que tiñan a materia exenta para recibir actividades de apoio nas áreas instrumentais.

3º ESO, Francés, materia optativa, dous grupos.

4º ESO: Francés, materia optativa, dous grupos.

1º de Bacharelato: un grupo.

2º de Bacharelato: un grupo.

II. PORCENTAXE DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN E RAZÓNS DA PROGRAMACIÓN NON IMPARTIDA

Neste curso mantivemos a ventilación das aulas como medida hixiénica contra a COVID. Levamos a cabo o curso con normalidade sen incidencias.

Ademais mantivemos activa a aula virtual de todos os cursos ofrecendo un reforzo xeral e ampliación de todas as unidades e tamén algunhas propostas de actividades diversas.

A tardanza en conseguir os novos libros de texto motivou que se alongara a etapa de repaso e avaliación inicial.

1º ESO: Traballáronse tódalas unidades didácticas previstas para o curso : as 4 unidades do libro e unha selección das unidades 5 e 6 do libro e do cahier *Transit 1* da editorial Santillana. O cumprimento da programación foi do 85%.

O traballo de aula seguiu a ser máis dificultoso que nos outros niveis. No grupo A, unha terceira parte do alumnado deu por abandonada a materia e tivo un comportamento disruptivo, que había que evitar con expulsións. No grupo B, certo alumnado empezou a estar máis inqueda en todas as materias e algún abandonou esta, facendo difícil un traballo ameno. O grupo C, que levou o curso bastante ben, acusou a nova distribución da aula, en parellas, o que propiciou que certo alumnado non parase de falar e de distraerse, conlevando as correspondentes chamadas de atención. Aínda así, o traballo con este nivel foi bastante motivador, en xeral, porque a maioría do alumnado respondeu ben ás actividades.

Nos grupos A e B foi necesario realizar un exame de recuperación do 2º trimestre, que aproveitaron 3 persoas de 9 no grupo A. No grupo B, a única alumna que tiña que facelo non conseguiu unha avaliación positiva. Nos tres grupos houbo que levar a cabo un exame de recuperación do 3º trimestre, sendo o resultado de 2 aprobados de 8 no grupo A, 2 de 4 no

	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
	MEMORIA 2022-2023	Páxina 4 de 7

grupo B e 2 de 3 no grupo C. Ao único alumno suspenso deste último grupo adaptóuselle o exame, igual que no trimestre anterior, debido ás súas necesidades de atención educativa, pero, aínda así, non conseguiu superar a materia.

Tanto o grupo A como o B melloraron a porcentaxe de aprobados. No grupo C, mantívose o mesmo que na 2ª avaliación.

2º ESO: Traballáronse tódalas unidades previstas: as 4 unidades do libro e unha selección das unidades 5 e 6 do libro e do cahier *parachute 2* da editorial. O cumprimento da programación foi do 85%.

O alumnado de 2º ESO foi máis levadeiro. Os grupos A e B están desdoblados. No grupo A, un alumno e unha alumna, que van repetir curso, abandonaron a materia, perdendo o tempo na aula e molestando o grupo. Outra alumna centrouse noutras materias e deixou de lado o francés, terá que recuperalo en Terceiro. O grupo B caeu nunha desidia, en xeral, que provocou que os resultados non fosen mellores que nas avaliacións anteriores. Nel hai dous alumnos que suspenderon e que seguirán a ter a materia de 1º ESO pendente, se non conseguen matricularse na Formación profesional básica. Un deles non asistiu nunca a clase neste último trimestre. Tres alumnos non traballaron, un deles repite, outro pasa por imperativo legal ou irá á Formación profesional básica e unha terceira alumna pasa a Terceiro co francés pendente. O grupo C foi o máis activo no traballo e conseguiu recuperar algún alumnado que, a priori, non contaba con aprobar o curso.

Foi necesario realizar un exame de recuperación do 2º trimestre nos tres grupos. En A, dous alumnos aproveitaron a oportunidade. En B, o resultado foi positivo para unha persoa e, en C, para tres de catro alumnos.

Tamén neste nivel houbo que levar a cabo un exame de recuperación do 3º trimestre. Acadaron unha avaliación positiva 3 de 6 persoas no grupo A, 1 de 7 no grupo B e 4 de 7 en C.

O feito da creación de subgrupos en dous grupos de 2º da ESO resultou moi proveitoso e permitiu unha aprendizaxe máis personalizada e eficaz.

3º ESO: Traballáronse tódalas unidades didácticas previstas para o curso : as 4 unidades do libro e unha selección das unidades 5 e 6 do libro e do cahier *Transit 3* da editorial Santillana. O seguemento da programación foi do 85%.

En 3º ESO os resultados son mellores. Nos grupos A e B, que estiveron xuntos, aprobou todo o alumnado, sen necesidade de realizar ningún exame de recuperación, nin do 2º nin no último trimestre. A súa motivación para traballar foi moi escasa e non foi posible facer actividades motivadoras ou avanzar máis rápido porque o seu ritmo de traballo era excesivamente lento e ademais non querían participar. No grupo C foi moi agradable traballar. Mostraron máis motivación para a participación e a aprendizaxe. Fíxose un exame de recuperación do 2º trimestre, que superaron 3 persoas de 4. Do 3º trimestre non foi necesario facer ningunha recuperación, porque só suspende un alumno que estivo descolgado da materia dende o inicio do curso, a pesar de estar repetindo, e non se presentou ao exame. Non quixo traballar en todo o curso e foi encadenando expulsións do centro, durante as cales nunca realizou as tarefas propostas.

	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
	MEMORIA 2022-2023	Páxina 5 de 7

Nos grupos A e B, a porcentaxe de aprobados é idéntica e mellora no grupo C.

4º ESO: O cumprimento da programación foi do 100 % : as 6 unidades do libro Parachute 4.

Un grupo tiña dificultades cun nivel inferior ao esperado pero todos melloraron ao longo do curso e conseguiron superar a materia. Non houbo necesidade de realizar ningún exame de recuperación. Os máis traballadores e receptivos obtiveron moi bos resultados finais.

1º de Bacharelato: O seguemento da programación foi do 100 % : as 6 unidades de “Les Blogueurs 5” e tamén preparamos como previsto as probas de francés do DELF B1.

Todos os alumnos e alumnas progresaron e avanzaron na aprendizaxe sen necesidade de recuperar exames.

Os resultados finais foron moi bos.

As cinco alumnas que se presentaron ao DELF B1 cas bolsas da Xunta aprobaron con boas cualificacións. Mágoa que non houbo máis bolsas para as probas de francés.

2º de Bacharelato: O cumprimento da programación foi do 100 % : dende a quinta ata a décima unidade de C’est à dire! A2.

Traballáronse as unidades previstas e actividades cara a preparación das probas ABAU. Os alumnos e alumnas mostraron interese por mellorar e acadaron moi boas calificacións finais sen necesidade de recuperacións.

Nas probas de ABAU tamén obtiveron bos resultados.

III.-MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO EN RELACIÓ N COA PROGRAMACIÓ N DIDÁCTICA.

Introducíronse ao longo do curso pequenas modificacións no ritmo das clases para levar a cabo tarefas de repaso dos contidos de anos anteriores ou do presente curso dirixidas principalmente ao alumnado que presentaba carencias ou dificultades no seguemento das actividades previstas.

IV.- MOTIVO(S) DAS MODIFICACIÓ NS FEITAS AO LONGO DO CURSO.

Básicamente, as pequenas modificacións pretendían mellorar os coñecementos previos en parte do alumnado ao inicio do curso, e a atención personalizada na medida do posible, ao alumnado con dificultades de aprendizaxe a pesar do seu esforzo persoal, o que ralentizou, nalgúns grupos, o ritmo de seguemento da programación.

V. RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DO ALUMNADO

Grupos	Nº total alumnado	Avaliación positiva	Avaliación negativa	% avaliación positiva	% avaliación negativa
1º ESO A	25	19	6	76%	24%
1º ESO B	31	29	2	93,5%	6,5%
1º ESO C	30	29	1	96,7%	3,3%
2º ESO A	25	22	3	88%	12%
2º ESO B	27	21	6	77,77%	22,22%
2º ESO C	31	28	3	90,32%	9,67%
3º ESO AB	10	10	0	100%	0%
3º ESO C	28	27	1	96,4%	3,6%
4º ESO ABC	15	15	0	100 %	0%
4º ESO ABC	11	11	0	100%	0%
1º Bach AE	12	12	0	100%	0%
2º Bach ACDE	8	8	0	100%	0%

VI. PROPOSTAS DE MELLORA PARA A PROGRAMACIÓN DO CURSO 2023-2024

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO PRÓXIMO CURSO.

O desenvolvemento da programación resultou axeitado. Por eso, non se pretenden realizar grandes cambios significativos agás os cambios ocasionados polos novos libros eleixidos e a nova lei de educación **LOMLOE** e dedicar menos sesións á avaliación inicial.

Coa nova lei LOMLOEponse en perigo a continuidade da aprendizaxe do francés como segunda lingua estranxeira pola excesiva oferta de optativas. Se esta materia non ten continuidade, o alumnado non alcanza o nivel desexado. A segunda lingua estranxeira debería ser obrigatoria ao longo de todos os cursos como en moitos países de Europa.

VI. LIBROS DE TEXTO UTILIZADOS:

Decidimos cambiar de libros por mor da nova lei de educación en 2º e 4º da ESO e para que os alumnos entrasen no “Fondo de Libros”. Eliximos “Transit 2” da editorial Santillana e “Transit 4” da mesma editorial. En 2º de bacharelato imos empezar ca segunda parte do novo libro eleixido

	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
	MEMORIA 2022-2023	Páxina 7 de 7

en 1º de bacharelato “Les Blogueurs 5” das editoriais Maison des langues e Macmillan education.

A lista dos libros está publicada na páxina web do centro.

VII.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO DEPARTAMENTO

- Realización de reunións periódicas para tratar os diferentes temas xurdidos ó longo de todo o ano e efectuar un seguemento da programación.
- Delimitación dos contidos nos diferentes niveis e grupos.
- Estudio e seguemento dos resultados dos alumnos/as nas avaliacións.
- Contactos coas diferentes editoriais. Estudio das novidades presentadas.
- Preparación e realización de exámenes.
- Participación en determinadas actividades complementarias do centro.

Vigo, 3 de xullo de 2023

Asdo.: Sara Fernández Macías

Xefa de departamento